

Compostela
conta coa
prórroga do
orçamento,
con 92 millóns



Páxina 4

A Coruña
consolida os
orçamentos
participativos



Páxina 6

O Sergas pecha
o centro de
saúde de
Castro de
Carballedo



Páxina 11

Os veciños de
Palmés esixen
rede de
sumidoiros



Páxina 14

Melgaço acolhe
a 5ª prova de
Taça de
Portugal
de Ciclocrosse



Páxina 23



Remodelación no castelo de Castro Caldelas

Páxina 17

Entrevista



Rafael Cuíña, alcalde de Lalín

“Ninguén é
imprescindible en
política”

Páxina 7



Trabajamos con todas las aseguradoras

Nº REG. SANITARIO C-32-001048

ESPECIALIDADES MÉDICAS Y DENTALES

www.cmprogreso.es f i

988 616 758 | info@cmprogreso.es | Progreso Nº 143 Ourense

Galicia

Os servizos sociais de Compostela chegaron ata o 13% da poboación no último ano

O 13,18 % da poboación residente en Santiago de Compostela foi usuaria dalgún dos programas que se implementan dende os Servizos Sociais Comunitarios Básicos deste concello. Así, nos últimos catro anos, o número de veciñas e veciños de Santiago de Compostela que se achegaron ao Departa-

mento de Servizos Sociais Comunitarios incrementouse nun 69,44 %, que evidencia o esforzo de achegar cada vez máis o servizo, os programas que se implementan dende o mesmo e os recursos que se xestionan dende este dispositivo á cidadanía de Santiago de Compostela. Das 7.239 consultas que había no 2015

pasamos ás 12.266, sen que exista un incremento no número de persoas en risco de exclusión social, que pasou do 16,67% en 2015 ao 12,47%.

A concelleira Concha Fernández explicou que no 2018 se concederon un total de 1.165 bolsas, 1.095 na modalidade de escaseza de recursos (521 de comedor, 431 de actividades

e 143 de material) e 70 na modalidade de conciliación. Comparativamente cos anos anteriores, existe un incremento do 4,41% en relación ás bolsas concedidas o ano pasado e do 48,74% en relación a hai dous cursos académicos. "A maior diferenza

obsérvase en relación ao orzamento destinado, xa que pasamos dos 70.000 euros existentes en 2015 aos 585.000 do 2018, o que supón un aumento de máis do 700% en menos de 4 anos", sinalou Fernández.



Teresa Furelos, Concha Fernández e Eva María González.

A Deputación espalla 246 toneladas de sal contra as xeadas nas estradas

A Deputación da Coruña espallou entre o 1 e o 7 de xaneiro un total de 246 toneladas de sal nas estradas provinciais máis afectadas polas intensas xeadas dos últimos días e nos tramos nos que previsiblemente se podan formar placas de xeo.

As actuacións leváronse a cabo nun total de 1.282 quilómetros, máis da metade dos 2.100 quilómetros cos que conta a rede provincial, e no total das cinco zonas nas que se divide o mapa da provincia para os efectos de mantemento de estradas.

O departamento de Vías e Obras da Deputación investiu cada ano 1 millón de euros para dispor dun ser-



vizo de actuacións urxentes que funciona as 24 horas do día, dando unha resposta eficaz e inmediata a calquera incidencia e que inclúe labores preventivos coma garantir a viabilidade da rede de estradas durante a tempada invernal, cando se acumula neve ou xeo.

Cada unha das cinco zonas nas que se divide o

mapa da provincia conta cunha brigada composta por entre 6 e 8 operarios e maquinaria axeitada para atender este servizo.

A Deputación agradece a colaboración cidadá para dar avisos de formación de placas de xeo nas estradas a través do 112, os concellos da provincia ou do servizo de Vías e Obras da Deputación.

O BNG de Touro presenta emendas aos orzamentos locais

O BNG presenta un conxunto de emendas aos orzamentos presentados polo grupo de goberno do PP. O obxectivo central que se pretende é o de dar un novo rumbo ao Concello priorizando as actuacións sociais e os investimentos en formación, fronte á proposta do PP que é exactamente igual á de anos anteriores e onde os únicos investimentos que se reflicten son o asfaltado de pistas.

O BNG propón a creación dunha liña de bus interparroquial, o cambio de toda a sinalización do concello, unha partida para bolsas de estudo relacionados coa historia, patrimonio, tradicións, toponimia..., a creación de «roteiros explicativos» que permitan as persoas que percorran as rutas de sendeirismo coñecer os diferentes lugares.

Ademais propón que se destine unha partida para subvencionar as plantacións forestais con especies autóctonas, que pode ser especialmente importante para aqueles propietarios que teñan propiedades nas faixas de protección de estradas.

Por outra banda tamén se solicita a creación dun punto limpo, a mellora das dúas pontes sobre o río Mogo e o rego do Burgo na estrada que une Bama con Arca e Loxo, por seren dous lugares de frecuentes accidentes de tráfico.

En definitiva, preténdese que os novos orzamentos sexan a ferramenta que permita dar un impulso ao noso Concello tan necesitado dunha nova forma de facer política e dun novo rumbo que o arrede do declive acelerado no que se atopa.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EDITORIAL



Por: Guillermo Rodríguez

Director

Aí vén o maio...

Que me perdoe Curros Enríquez por utilizar parte da súa marxistal composición "O maio".

Nestes momentos nós tamén estamos esperando un maio no que están concitadas todas as desgrazas e todas as nosas virtudes, que tamén temos algunhas.

Cando eu me atopare// de donos liberto // i o pan non me quiten // trabucos e préstamos"

Analícemos a situación actual tomando como referencia estes versos de Curros. Fala de atoparse de "donos liberto", ou sexa, das ataduras ás que se vía, daquela, sometido.

Nós hoxe, a que estamos sometidos, atados? De que "donos" queremos liberarnos? Eu atrevome a numerar uns cantos.

En primeiro lugar algo que é determinante nas nosas vidas; temos que liberarnos da crenza de que non somos quen de liberarnos. Non é un xogo de palabras. Esta é a primeira atadura da que non damos saída crendo as prédicas oficiais a que somos sometidos: imposible aumentar o soldo mínimo dos traballadores porque se produciría unha hecatombe; igual coas pensións, que xa temos a hucha baleira e non sabemos como enchela; temos que consultar cos gurús da Banca que, igual que fixeron coas Preferentes, vannos aconsellar unha fórmula misteriosa, pero milagreira, que remata con todas as nosas inxedanzas.

Non podemos molestar á Banca con algún tipo de imposto (tipo taxa Tobi) que sirva para devolvernollos os recortes con que Rajoy nos agasallou anos pasados para salvarlle os móbeis aos propios banqueiros. Ben, aquí teño

que facer unha paradiña para informar, aos que aínda non se teñan decatado, que un deses gurús da Banca que tan ben nos aconsellan e que botou contra as rochas o BBVA, un tal Sr. González, vaise retirar, non aos cuarteis de inverno, senón aos seus chalets de países cálidos, con piscina, xacusi, e



demais confort para recuperar as enerxías que gastou durante os anos que estivo esquilmandonos, chuchándonos, pouco a pouco o sangue dos nosos aforros; retírase, digo, cun montón de millóns de euros de pensión vitalicia e outro montón como pagamento polos servizos prestados. Aquí non se produce ningún desequilibrio financeiro; aquí estase aplicando con todo rigor a fórmula legal e "lexítima" que lle corresponde pola súa importante e rigurosa xestión ao fronte da Entidade.

Curioso, non lles parece? Pero aos "españolitos que viñen al mundo", en palabras do poeta, a eses non lles podemos ofrecer unhas faragullas cando, logo de currar durante anos e anos, teñen que deixar paso aos máis novos.

Dicía que non podemos soñar con recuperar tantos miles de milleiros de euros, que saíron dos nosos petos (mellor dito, que non entraron nos nosos petos) porque poden deixarnos orfos de Bancos e de Caixas de Aforro (aínda que algunhas por aí). Marcharíanse a outros "paraísos fiscais" aínda

máis beneficiosos que os que nós aquí lles ofrecemos. A Banca, dinnos, non ten Patria; non é nacionalista; é depredadora e punto.

Porque, xa se sabe que un País sen bancos é un País de mortos. Ou sexa, un cemiterio. Xa son parte da familia.

Pero voltemos a Curros: "i o pan non me quiten, trabucos e préstamos".

Agora os trabucos son moito máis modernos. Chámanlles ordes de desafiuzamento, ou sexa, a policía, coas súas modernas espingardas, cunha orde do xuíz na man ordenando o abandono dunha vivenda a quen foi vítima dos "préstamos" da banca ou de calquera "prestamista" de turno.

En segundo lugar, espéranos un maio no que imos ser moedas de

cambio, do enfrontamento "a morte política", dos que se ofrecen coma os nosos salvadores. Ofrecénnos saír de "guatemala" para entrar en guatepeor; e para máis inri agora aparecen no horizonte "Voxes" que dan medo.

Queren mandar de volta a ducias de miles de migrantes que chegaron ás nosas costas fuxindo da miseria e das guerras dos seus pobos; que saberán estes "políticos salvaxes" o que é a fame, o medo, a miseria supina... Ata onte, coma quen di, chuparon dos ubres das institucións, e de que maneira!! Agora din que hai que eliminálas; será para crear uns máis potentes e con máis leite para que sexan repartidos entre menos, digo eu.

O máis miserable desta situación non é que resuciten os vellos fantasmas que pensabamos quedaran atrás; agora que aínda non fomos quen de dar cristiá supultura aos que vítimas destas "piadosas ideas" aínda permanecen nas gabias deste País que Deus confunda; o máis miserable, digo, é que aqueles que viven "de puta madre" (disculpen a expresión) se sintan representados por estes energúmenos; estes novos nazis que alimentados nos ubres do sistema actual se atreven a poñelo na picota. Isto si que é miserable.

Temos que voltar ao poeta: "españolito que viñes al mundo, una de las dos Españas ha de helarte el corazón".

Será verdade que isto está ocorrendo? Quero pensar que non é máis que un mal soño do que imos despertar con ilusión reforzada e mirando con ollos limpos o futuro.

Que sexan felices neste no ano de 2019.

FUCO PRADO



Galicia

SANTIAGO

O Concello conta coa prórroga do orzamento, que alcanza os 92 millóns

Os centros xestores do Concello de Santiago contan dende o día 2 coas partidas do orzamento prorrogado, que alcanza a 92 millóns de euros. A concelleira María Rozas sinala que "prorrogar o orzamento do ano pasado supón case 20 millóns de euros menos en relación á proposta levada a pleno o pasado sábado, xa que non se poden prorrogar todas as partidas".

A lexislación impide prorrogar todas as partidas, como son os investimentos ou as transferencias de capital, "que resultan fundamentais para desenvolver proxectos de cidade con outras administracións". Tampouco se incorporan neste orzamento prorrogado as partidas de nova creación que viñan recollidas na proposta de 2019.

O orzamento en Educación e Cidadanía redúcese en 900.000 euros, o que supón un 18% menos, mentres que a área de actuacións de protección e promoción social vese reducida en 2.500.000 de euros e a área de emprego diminúe dun 78% pasando de 2.900.000 euros a

623.000 euros. "Neste caso só é posible prorrogar parte dos fondos propios e non aquelas partidas que están vinculados á subvencións e captación de fondos". Tamén se ve minguado o orzamento para o rural, que pasaría de 2.018.000 euros recollidos na proposta de 2019 a 479.000 euros.

María Rozas indicou que "co orzamento prorrogado estamos a falar de case 20 millóns de euros menos para a veciñanza de Compostela, xa que non están incorporados investimentos como a reparación dos muros de Fontiñas, a estación intermodal, o equipamento deportivo de Quiroga Palacios ou a rehabilitación dos Camiños de Santiago".

As ferramentas coas que conta o Goberno para aprobar os investimentos son os modificativos de crédito, "procesos administrativos que teñen os seus tempos, que supoñen realizar varios expedientes administrativos e que incrementan o traballo do persoal mu-

nicipal, retrasando os proxectos". Cada expediente deberá ser aprobado, por maioría simple, no Pleno da Corporación e, tras a súa publicación no BOP, contará cunha exposición ao público de 15 días hábiles para presentar alegacións. De habelas, o expediente debería pasar de novo pola aprobación do Pleno. O Goberno local está analizando que proxectos, dese montante total de 20 millóns, deben priorizarse nos vindeiros meses para cumprir coas obrigas adquiridas con outras administracións, para sacar adiante os proxectos de cidade e para dar solución ás necesidades da veciñanza.



María Rozas

O Estadio Municipal de San Lázaro xa leva o nome de Verónica Boquete

Alcalde de Santiago, Martiño Noriega, presidiu o acto polo que o Estadio de San Lázaro pasa a denominarse Estadio Municipal "Verónica Boquete" de San Lázaro. A cerimonia de descubrimento da nova nomenclatura contou coa presenza da protagonista, a futbolista compostelá Verónica Boquete.

O cambio de denominación fora aprobado por unanimidade da Corporación o pasado mes de novembro, recoñecendo así a unha das figuras deportivas máis importantes de Santiago de Compostela. Verónica Boquete, que actualmente xoga no Beijing BG Phoenix da Superliga china, escribiu o seu nome na historia converténdose na primeira futbolista española que xogou como internacional na Champions en 2014, e foi tamén a primeira en gañar a máxima competición continental. En 2015 foi



a elixida para dar o pregón das festas do Apóstolo, no que apelou o seu orgullo por levar o nome de Compostela polo mundo.

Inaugurado en Fontiñas o Espazo Educativo e de Lecer "María Miramontes"



Alcalde, Martiño Noriega, inaugurou o Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes. No acto, amenizado pola música de Xoán Curiel, tamén participaron o presidente e a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso e Goretti Sanmartín, respectivamente, así como o concelleiro de Educación e Cidadanía, Manuel Dios, e outros integrantes da Corporación.

As persoas que visitaron o centro tiveron como agasallo unha guía didáctica elaborada por Encarna Otero que leva por nome María Miramontes, unha das defensoras do Estatuto do 36. O texto fai un percorrido pola vida da activista e intelectual galega para achegala a toda a veciñanza.

No mes de xaneiro, a instalación abrirá de maneira ordinaria cun programa estable de conciliación da vida persoal, familiar e laboral centrado no xogo e nos xoguetes, cun horario habitual de tarde, de luns a venres, de 16:00 a 20:00 horas.

A primeira das actividades que acollerá o Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes será o Círculo Literario, un proxecto innovador que permitirá que os alumnos e alumnas melloren a súa escrita, con catro encontros mensuais con Suso de Toro, que será o encargado da actividade.

Esta acción desenvólvese cun máximo de 20 alumnos e alumnas de primeiro de bacharelato, procedentes de varios institutos da cidade, como os de Pontepedriña, Xelmírez II, Xelmírez I, Rosalía de Castro, Lamas de Abade e Antonio Fraguas. As sesións serán todos os xoves de 16:30 a 18:30 h ata o mes de maio.

Ademais desta actividade están previstas máis iniciativas a desenvolver en colaboración coa Asociación Arela e coa Fundación La Caixa, coas que o Concello xa colaborou no Programa ProInfancia no barrio das Fontiñas; máis concretamente, dous programas, o denominado Quedamos despois de clase, e outro chamado Tes talento.

W.R.E vive

SANTIAGO EDUSI

CIDADE ACCESIBLE, INCLUSIVA E PATRIMONIAL

www.revivesantiago.gal



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Galicia

A CORUÑA

A Coruña consolida os orzamentos participativos

A iniciativa supuxo o investimento de sete millóns de euros en proxectos escollidos pola cidadanía

O goberno local da Coruña impulsará en 2019 a cuarta edición do programa de "Orzamentos Participativos", iniciativa posta en marcha no 2016 e que ten como obxectivo implicar á veciñanza na elaboración dos presupostos municipais a través da decisión directa sobre o destino dunha parte do orzamento do Concello.

Desde a súa posta en marcha, no ano 2016, a cidadanía decidiu, a través da plataforma dixital A Porta Aberta, o destino de sete millóns de euros do capítulo de investimentos do Orzamento Xeral do Concello. Así, executáronse propostas vinculadas á mellora da calidade de vida da veciñanza entre as que se inclúen, por exemplo, cuestións de accesibilidade e rexeneración do espazo público ou naturalización da cidade, ademais de solucións aplicadas á mobilidade peonil e ciclista ou para a realización de trámites e xestións a través de dispositivos móbiles.

Entre os proxectos escollidos



Na nova edición dos Orzamentos Participativos reforzaranse os puntos de apoio presenciais para favorecer a implicación da veciñanza no programa

dos pola veciñanza sitúanse o aumento de arborado na cidade, a renovación da sinalización horizontal e vertical do carril bici no Paseo Marítimo, o aumento da infraestrutura ciclable no termo municipal, a recuperación do conxunto escultórico dos xardíns de Méndez Núñez, a creación de hortas urbanas ou o deseño dunha aplicación móbil para o pago e recarga da Tarxeta Millennium, entre outras.

"Orzamentos Participativos é un programa estrutural para

este Concello, pero o obxectivo da administración debe ser manter viva unha ferramenta que facilite as relacións e abra novos espazos que favorezan unha participación máis ampla e activa da veciñanza, na que estean representados todos os sectores dunha cidade diversa e plural", explica a concelleira, Claudia Delso. Por iso veñen de seren publicados na plataforma de contratación pública do Estado os pregos da licitación do servizo para a organización, desenvolvemento e comuni-

cación da nova edición do programa, que no 2019 "buscará ampliar a participación da veciñanza, para que sexa o máis plural posible", apunta a edil Claudia Delso.

O contrato, ao que se destinarán un total de 81.818,18 euros, supón, por unha banda, a coordinación da execución do programa do 2019 así como de todas as accións e iniciativas que se celebren ao longo das catro fases –informativa, apoio, avaliación e votación final– nas que se desenvolven os Orzamentos Participativos.

Pleno extraordinario

Por outra banda, celebrouse o pasado día 26 de decembro un pleno de carácter extraordinario no que se aprobou a conta xeral do Concello do ano 2017, así como a amortización anticipada de débeda en 15,1 millóns de euros, procedentes do superávit orzamentario dese ano.

Ambos puntos foron aprobados cos votos a favor do grupo de goberno, a abstención de PSOE e BNG e o voto en contra do PP.

O programa de inserción Posto a Posto acada un éxito do 40%

A Concellería de Emprego pechou o programa de formación laboral Posto a Posto desenvolvido ao longo deste ano, coa inserción do 40% das persoas participantes. O programa está enfocado á especialización de persoas desempregadas que pertencen a colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo.

10.000 persoas nas iniciativas de educación ambiental

Os programas de educación ambiental que a Concellería de Medio Ambiente mantén durante todo o ano para centros escolares, entidades e colectivos e chegaron a un total de 10.000 persoas durante 2018. Dentro destes programas tamén se organizan actividades puntuais arredor de temáticas concretas.

Instalado na praza da Fábrica de Tabacos o pavillón que albergará a "Tribuna Pública"

A praza da Fábrica de Tabacos acolle dende o día 29 a estrutura que albergará nos vindeiros meses a actividade do proxecto Tribuna Pública, unha proposta social e cultural, plural e participativa impulsada polo goberno local que pretende implicar á cidadanía na reflexión sobre a recuperación dos peiraos interiores da Coruña e

o seu futuro como espazo de interese público.

O alcalde, Xulio Ferreiro, acompañado da concelleira de Participación e Innovación Democrática, Claudia Delso, e do edil de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, visitaron o espazo, que contará cun acto de apertura institucional no mes de xaneiro, momento no que se iniciarán

as actividades.

O proxecto Tribuna Pública, coordinado polo produtor cultural Juan de Nieves, que tamén estivo presente na visita, pretende exemplificar o vínculo secular entre a cidade e o porto. Ao longo dos vindeiros meses, a iniciativa traballará con diversos axentes sociais, asociativos e culturais da cidade, tanto independentes coma vin-



O pavillón albergará numerosos debates e actividades culturais.

culados ás estruturas de goberno e do ámbito institucional e educativo, para xerar un pro-

grama continuado de debates abertos e de eventos de carácter cultural.

Por Moncho Mariño

Rafael Cuíña, alcalde de Lalín

“Ninguén é imprescindible en política, e ninguén é ninguén”

Rafael Cuíña (Lalín) sorprendeu a propios e estraños cando puido acceder á alcaldía do seu concello, Lalín. Vinculado durante a súa mocidade ao PP, desligouse da formación para procurar un espazo que lle dese acubillo á súa concepción da política e sobre

todo a política entendida en clave galega. Di non estar preocupado polo que aconteza na campaña e cos resultados das eleccións locais de maio. Ve un PP perdendo votos pola dereita e unha necesidade de comarcalización e renovación do rural.

-En que estado de ánimo afronta as vindeiras eleccións municipais de maio?

O certo é que non tiven moito tempo de pensar nas eleccións porque no Concello estamos cun altísimo nivel de traballo. Non obstante, a final deste mes comezaremos a atender xa algunhas cuestións relacionadas coas candidaturas. Pero insisto, estou máis centrado no día a día de Lalín, porque se un alcalde dun municipio cunhas dimensións como é este, se adica a pensar nas vindeiras eleccións e candidaturas en vez de atender as propostas do seu equipo non é o idóneo.

-Pero algunha sensación interna do partido, CxG, terá.

Si, pero insisto, non é a miña preocupación agora, aínda así as sensacións son boas. O que sinto pola rúa é positivo, pero quero estar máis centrado nas miñas responsabilidades.

-As demandas orzamentarias de Lalín cara a Xunta de Galicia están cumpridas?

Pois as partidas da Xunta para Lalín eran cero. O curioso é que tanto o PP de Lalín e a Xunta din que hai partidas xenéricas que logo se aplicarán, pero xa levamos cinco anos, non só con este goberno senón co anterior tamén, con cero orzamentos para Lalín, por tanto o goberno autonómico non cumpre co noso Concello.

-Por que cre que acontece isto?

A pregunta é retórica. Ao non sermos do mesmo signo político, hai xente que ten unha concepción da política diferente á miña. Lembro aquí

importantes alcaldes e conselleiros de Lalín, que foron feitos fillos adoptivos doutros concellos gobernados por forzas políticas diferentes á súa. Nestes momentos, na Xunta de Galicia o que prima é favorecer aqueles concellos ou institucións da mesma cor política e ignorar a quen non o son. Así non se fai política.

-Teme que de presentar un orzamento a oposición o tombe como aconteceu noutros concellos?

Imos continuar cos orzamentos prorrogados. Cando presentamos o último, fixémoslo pensando xa na posibilidade de prorrogalo e é un bo orzamento. Xa non perdo tempo pensando neste tema.

-Cales son as tarefas primordiais para abordar antes das eleccións?

Sobre todo moitas obras que están en marcha, iso é o que máis nos importa. O caso é que o traballo máis importante está feito. Cando tomei posesión como alcalde, dixeran que íamos sanear o Concello, dotalo de fortaleza física. Eramos un dos concellos máis endebedados de Galicia e agora somos dos máis solventes. A baixa do desemprego, a baixa dos impostos ao mínimo legal, este tipo de cuestións xa as fixemos no seu momento, por iso agora estamos máis centrados nas obras. Se falásemos de porcentaxe de cumprimento, diría que moi alta. Mais somos un cuatripartito, evidentemente desenvolver o teu programa político único, é practicamente imposible, aínda así, o pacto de goberno creo que

temos un alto nivel de cumprimento, sobre todo nas formas, na apertura de fiestras cara a transparencia e novas formas democráticas en Lalín. Penso que iso xa o cumprimos amplamente. A vindeira corporación que veña, sexa comigo ou con outra persoa, verá un concello solvente, coa caixa chea e preparado para afrontar retos importantes e grandes obras, porque agora si é posible.

-Como alcalde no cargo, é partidario de limitar o número de lexislaturas que pode estar unha persoa á fronte dunha administración?

Eu anunciei que estaría un máximo de oito anos. Sempre fun partidario dunha limitación de mandatos para un determinado cargo, non quere dicir isto que debas deixar a política. Mais o modelo sería para min, semellante ao anglosaxón, téño bastante claro. Pode haber circunstancias excepcionais, isto é así, mais a miña idea é esa, como nos EE UU, cando no segundo mandato, o do “pato coxo”, porque como saben que non vas repetir, xa te tratan doutro xeito, pero así é a democracia. Ninguén é imprescindible en política, e ninguén é ninguén.

-Cre que o PP pode subir en votos na provincia de Pontevedra?

Penso que non se dan as circunstancias en absoluto ademais. Non teño ningún indicador onde digan o contrario. Leo todos os días portadas de xornais onde todos os días se ve que teñen problemas ademais



de enquisas mostrando a perda de votos cara a ultradereita, o que quere dicir que a ultra dereita estaba no PP. Non hai unha soa enquisa que diga que o PP sube, todo o contrario, cousa que é preocupante, dígo polo de Vox.

-Deixando á parte a política en si, vostede é partidario dun maior peso da comarca fronte a provincia?

Si, eu falei moitas veces da fusión de concellos, creo que é o futuro, sen dúbida. Creo máis no concepto comarcal que provincial. Non creo tampouco na existencia das deputacións, pois vexo que comarcas tan amplas como a de Lalín, con seis concellos, dotados dos servizos necesarios, tería máis posibilidades e presenza que coa estrutura provincial que xa coñecemos.

-Cre que se pode frear o éxodo rural?

É un tema complicado. En Lalín somos dos poucos concellos galegos que está recuperando poboación. Tamén é certo que viñeron moitos irmáns venezolanos, tamén vemos que está baixando o desemprego, tamén vemos no rexistro do Concello que vén xente da

costa para vivir en Lalín pois está buscando traballo. A cuestión é que hai un despoboamento preocupante no rural ademais dun envellecemento, que xa preocupaba a Manuel Fraga no seu tempo. Non obstante, é un tema complicado tanto a nivel autonómico como estatal. Se se facilitase a creación de empresas e postos de traballo, a xente pode animarse máis a ver que ten futuro e ter fillos. Se ve o contrario, se non hai oportunidades laborais, se os salarios e as condicións laborais, á xente cústalle máis quedar. Penso que é evidente isto que digo. En Lalín por cada 2,5 persoas que morren, nace unha, e dentro duns anos precisaremos para todo o país miles de inmigrantes para traballar as nosas terras. Non se incorpora nova xente moza ao mercado laboral.

-Cal é o maior atractivo que ten Lalín nestes momentos?

Somos a maior potencia gandeira de Galicia. Temos o maior cabana de gando vacún e logo é un concello industrializado. Tamén a nosa gastronomía que xenera a nosa galiña dos ovos de ouro e temos un dos comercios de referencia en Galicia.

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A Santa Alianza

Despois da era napoleónica, hai uns 200 anos, as monarquías absolutas de Francia, Austria-Hungría, Rusia e Prusia formaron a Santa Alianza para reprimir calquera revolución liberal e democrática na Europa, como fixeron coa española de 1820-1823. Hoxendía, PP, Cs e Vox, tres partidos distintos nun único Aznar verdadeiro, veñen de amosar o seu concerto extremomodereitista na axenda política na Andalucía. Antón Losada, brillante como adoito, ven de batizar esta unión como a Santa Alianza. Os que queren voltar “a lo que siempre fue España”, a un suposto punto cero

anterior ás limitadas cesións a prol dos dereitos fundamentais das persoas e dos dereitos nacionais de Galicia que se artellaron a medio do proceso de xénese, adopción e desenvolvemento posterior da Constitución de 1978 e do Estatuto de Galicia de 1981. Voltarmos, cando mellor, ao tardofranquismo.

Unha recente enquisa amosa que a Santa Alianza podería acadar por maioría absoluta os concellos todos das capitais de provincia españolas, agás os cataláns, vasconavarros, galegos e canarios, canda algunha outra. Albís-case, entón, que as cousas no noso

país poden ser distintas ás do resto do Estado. Un consolo temporal e limitado, tendo en conta o poder real que desenvolve España sobre Galicia, multiplicado pola mutación constitucional recentralizadora no social, económico e político desenvolvida nestes últimos anos. Ademais da xa perceptíbel presenza do discurso de Vox en sectores minoritarios da burguesía máis tradicional da Coruña e Vigo.

Repenicará Núñez Feijóo a axenda recentralizadora, antinmigración, antifeminista e eurófoba da Santa Alianza? As primarias do PP no pasado verán manifestaron unha clara maioría de votos nas circunscricións de Lugo e Ourense contra Casado. Por outra banda, malia que Núñez Feijóo liquidou grande parte dos sinais de galegitude

do PPdeG de Xosé Cuíña, segue a existir unha corrente, quizais xa minoritaria, no PPdeG que entende Galicia dende niveis de afecto e singularidade.

Veremos na vindeira Convención estatal do PP, neste inverno, se Núñez Feijóo adhire á Santa Alianza. Sería unha moi mala nova. Mais activará, de seguro, procesos de traslación de voto cara opcións que entendan a galegitude.

Porque a axenda contra o autogoberno galego de Vox e Cs que agora asume Casado só traería máis pobreza, máis dependencia e moito menos benestar e crecemento para Galicia.



Falsidades sobre a lei de violencia machista.

O discurso negacionista de Vox, repenicado parcialmente polo líder do PP, Pablo Casado, require pór en orde algunhas das falsidades que algúns, orfos de toda formación sobre cuestión de xénero, semellan acreditar á forza da súa goebeliana repetición.

Non é certo que a lexislación anti violencia machista invirta a carga da proba e obrigue aos homes a demostrar a súa inocencia. As regras do Dereito Penal non mudan. Todo home denunciado é inocente até que non sexa condenado

por unha sentenza definitiva.

Outra falsidade é a suposta asimetría penal, isto é que as condutas desenvolvidas por un home son castigadas de xeito máis duro. É incerto, as condutas todas son castigadas de xeito semellante, sexa cal fôr o sexo do seu autor.

A muller denunciante non acada beneficio ningún nun procedemento xudicial de divorcio ou semellante polo mero feito de ter denunciado. Pola contra, a denuncia penal adoita abrir procedementos complexos nos que moitas veces os distintos funcionarios e pro-

fesionais interviñentes non comprenden ben a realidade das maltratadas. Velaí a desconfianza a respecto dalgunhas mulleres que non denuncian os abusos, cando precisamente un carácter típico do maltrato é o de non denunciar os abusos pola situación de autonegación persoal que vive.

Canto aos beneficios económicos, estes redúcense a unha paga de 420 €/mes para as mulleres que carecen doutros ingresos, que só dura 11 meses (ampliábeis a 36). Tamén, para as empregadas, á posibilidade de suspensión do emprego de acadaren unha orde de protección e accederen á prestación por desemprego de tiver cotizacións abondo.

A lei de prevención de violencia de

xénero non é discriminatoria e foi declarada expresamente constitucional pola Sentenza 39/2008 do Tribunal Constitucional. Porque a igualdade de homes e mulleres esixe tratar de xeito desigual as situacións desiguais. E a violencia machista, hoxendía, é un andazo, nada comparábel en termos cuantitativos con outras violencias intrafamiliares. A violencia machista constitúe o problema máis grave da nosa sociedade no que se refire aos dereitos humanos.

Os homes non estamos aínda á altura do repto da nosa sociedade canto á prevención da violencia machista. Xa que logo, o mínimo que podemos facer é combater nos ámbitos da política e da comunicación social as fake news e falsidades dos negacionistas.

Por Ramón Coira Suances

Cuestión de imaxe

Que Feixóo se faga unha foto coa “Derradeira lección do mestre” de Castelao, quere dicir que precisa dunha imaxe que suxira honestidade e sacrificio por Galiza e por causas nobres e xustas para vernizar o seu discurso rancio e españolista. Un contrapunto necesario para suxerir ao espectador o que non é. Apropriarse dos símbolos do adversario é unha estratexia máis para combatilo. O cadro é un dramático símbolo nacionalista, pois Castelao e Bóveda eran nacionalistas e estaban a favor do de-

reito de autodeterminación dos pobos, pagando un prezo moi alto pola súa coherencia. Acudir a eles para defender a aplicación do artigo 155 en Cataluña non é honesto. Facerse esa foto co Gernika galego para facerlle esquecer ao ouvinte o pasado franquista dos fundadores do PP, o apoio a Casado de Feixóo e o pacto entre o PP e a ultradereita de VOX é unha argucia fácil de desenmascarar. A frescura e a honestidade no discurso de Ana Pontón, Ana Miranda, Olalla Rodil, etc. non a ten Feixóo por moitas fotos que se faga

coas obras de Castelao. Non se trata de buscar unha imaxe favorábel, trátase de ser ou de intentar ser coherente



entre a imaxe que se proxecta e o que se di ou se fai. E iso, lamentablemente, non o vexo no Presidente da Xunta de Galiza. Xa pode decorar o seu despacho con obras de Castelao, que o seu discurso será sendo igual de rancio e españolista. Para ser coherente hai que facer algo máis e vostede, Sr. Feixóo, non é que non o faga, é que fai todo o contrario. Non ataque a Catalunya en nome de todos @s galeg@s e céntrase en Galiza, que problemas hai dabondo (e moitos creados por vostedes).



Por Isidoro Gracia

O futuro da automoción

En 2013 publiquei un artigo de análise sobre o sector automóbil, con especial detalle en todo o referente ao coche eléctrico, é momento de incluír novos factores quizá distorsionantes.

En Galicia, e no conxunto de España, a automoción e a súa industria auxiliar son determinantes na achega industrial aos respectivos PIBs. Poderíamos dicir algo similar de Europa, EEUU, e boa parte do resto do mundo desenvolvido, pero moito máis importante que o aspecto económico é que se asumiu, por unha gran maioría dos cidadáns, o automóbil como un compoñente da cultura e identidade propia, polo que o sector continuará sendo durante moito tempo un sector estratéxico, e polo tanto moitas das decisións políticas poden non estar baseadas nos datos obxectivos, que incluín na análise de 2013: tecnoloxías dispoñibles, enerxía e materias primas, viabilidade medioambiental e social.

Con todo hai factores decisivos para que os 800 millóns de vehículos que xa circulan polo mundo, e os 70 ou 80 millóns novos que se incorporan ano a ano, fabríquense nunhas localizacións concretas e non noutras, e hoxe, afortunada ou desgrazadamente, non todos eses factores poden ser controlados polos dirixentes políticos.

O informe, froito das achegas de

1000 altos directivos do sector, que non esquezamos, en moitos países pasan frecuentemente das direccións empresariais aos cargos de confianza dos gobernos, e viceversa, renombra os factores utilizados na miña análise, como: evolución, revolución e disrupción. Evolución dos condicionantes sociais que determinan o mercado, a revolución que supón o coche eléctrico coas súas limitacións e a disrupción que supós a chegada masiva de tecnoloxía dixital, conectividade, etc., é dicir coincide e abunda nas direccións que previamos en 2013.

Podemos pois deducir que o automóbil está xa no límite da fronteira dos produtos de tecnoloxía media, onde o temos habitualmente situado, e os de alta tecnoloxía, cara a onde evoluciona rapidamente. Isto indica que, ademais de man de obra cualificada, o factor de acumulación e xestión do coñecemento é imprescindible e obrigatoriamente próximo á contorna das factorías de sínteses (un exemplo témolo no CTAG), factorías de sínteses onde por outra banda o peso do custo salarial, sobre a facturación, é dun só dígito, mentres que o da loxística chega a superar un terzo do total.

O final do párrafo anterior lévanos

a outros dous factores decisivos para as decisións dos investimentos cara ao futuro: a proximidade dun mercado nacional e/ ou rexional potente e sen fronteiras (por exemplo a UE) e unha imprescindible masa crítica de empresas auxiliares, que permitan estar á altura das crecentes esixencias tecnolóxicas e de calidade, así como suficientemente numerosas e especializadas, ao ter en conta que un vehículo chega ter 3000 pezas e elementos diferentes. Dous datos, un local, nas proximidades de

de aplicarse (o que non descarto) noutros países que son alguén importante no sector automoción mundial, e que pretenden ser líderes nel, terían efectos similares ao de pegarse un tiro no pé da lóxica que sostén o mercado mundial do automóbil, e outro no da posible clientela próxima, á que se tocará inevitablemente a vena nacionalista, si o discurso chauvinista, de “o meu pra min” e o do ve-



Vigo, incluíndo o norte de Portugal as empresas auxiliares superan amplamente o centenar e son á súa vez parte de grupos multinacionais; outro estatal, as industrias auxiliares instaladas en España facturan máis de 35.000 millóns de € ao ano.

As propostas publicadas por Trump

ciño a repartir, prospera.

Conclusión, a globalización fixo do sector automoción un motor delicado e de efectos mundiais, si os patrons que o manipulan non son expertos, e moi coidadosos, os resultados poden ser problemáticos e caros, para o mesmo patron e seu país

Por Jesús Témez Fernández

Merkel e Macrón

Vaise, vaise por fin Ángela, e digo por fin, porque quizais esteamos a falar do personaxe político que máis dano infrinxiu a Europa en décadas; curiosamente a que moitos medios de comunicación defenden como apóstolo da nova Europa. O dano proferido a toda a Unión na crise financeira de 2008 estrangulando co seu receitario de austeridade e ortodoxia fiscal economías gripadas polo exceso de débeda terminou por botar gaso-

lina ao lume asfixiando a Grecia, Irlanda e España entre outras importantes economías.

Durante ese tempo de tribulacións e zozobra actúo máis como a cêrbera e gardiá das esencias acreedoras dos seus grandes holdings financeiros e industriais que como unha defensora solidaria dunha causa e proxecto común. E como corolario ao seu ocaso político foi a mal chamada crise dos refuxiados, abrindo as portas de forma descontro-

lada a migrantes económicos e non a refuxiados en busca de asilo político, pervirviendo así o sentido humanitario da devandita causa e rompendo regras comúns que fixeran de Schengen un alicerce incólume da Unión.

Macrón está imbuído en explicar ao mundo o malo que é o nacionalismo e as consecuencias negativas que historicamente tivo nos procesos históricos, mentres tanto a súa popularidade alcanza mínimos históricos. O seu receitario político ambiguo apostando a non ser de dereitas nin de esquerdas déixalle retratado nese centro ultraliberal seminihilista cargado de elitismo burocrático

e tecnocracia bruxelense ademais de aderezo de retórica caudillista que lembra en certos aspectos a De Gaulle e a súa forma autoritaria de entender a política. Esa ideoloxía frankenstein, híbrida no social e no económico xera confusión, pouca claridade e pouca empatía entre a poboación que queren saber de forma sincera que é o que se lles está vendendo. Moitas nubes e poucos claros polo Elíseo. Francia e Alemaña están en franco repregamento, quen ocupará o seu espazo...?



Galicia

Redacción LUGO

Acondicionadas as estradas de 35 concellos por mor do xeo

A Deputación mantén activado o Plan de Emerxencia para facer fronte ás acumulacións de xeo, rexistradas na rede viaria provincial, sobre todo nas estradas da montaña lucense. Un total de 64 operarios e 32 máquinas acondicionaron as estradas provinciais en 35 Concellos, nas que se distribuíron 800 toneladas de sal. Actuouse practicamente en todas as estradas da montaña. O goberno da Deputación manterá o dispositivo activado pois a previsión é que continúe as baixas temperaturas ao longo destes días. A este continxente uníranse tamén se fose preciso os medios dispoñibles do Parque Móbil para garantir a seguridade da rede viaria provincial.

Os Concellos nos que se



Estrada con xeo en Ribas de Sil.

actuou foron: Becerreá, Begonte, Carballo, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Chantada, O Caurel, Cervantes, A Fonsagrada, Friol, Xermade, Guitiriz, Guntín, O Incio, Lugo, Mondoñedo, Muras, Navia de Suarna,

Negueira de Muñiz, As Nogais, Ourense, Outeiro de Rei, O Páramo, Pedrafita do Breiro, A Pobra Brollón, A Pontenova, O Saviñao, Quiroga, Ribeira de Piñón, Samos, Ribas de Sil, Triacastela e Taboada.

Xogos educativos sobre o xeoparque de Montañas do Courel

No colexio de educación infantil e primaria de Quiroga creáronse dous xogos educativos que teñen por obxectivo difundir entre o alumnado os valores naturais e culturais do proxectado xeoparque Montañas do Courel. Os xogos foron desenvolvidos co apoio dun programa da Consellería de Educación no que se utilizan os pequenos robots "escornabots", que deben ser programados polos alumnos para moverse por dous taboleiros (de 64 casas cada un) nos que figuran os principais lugares de interese da comarca e os elementos máis destacados da fauna e a flora locais.

O proxecto está incluído no



Alumnos do colexio de Quiroga.

programa de innovación educativa Proxecta. Os centros de ensino dos veciños municipais de Ribas de Sil e Folgoso do Courel tamén están a desenvolver durante este curso diversas actividades educativas vinculadas ao proxecto do xeoparque. Estas iniciativas

xurdiron despois de que a asociación Montañas do Courel - que agrupa aos tres concellos da comarca quiroguesa - contactasen cos responsables dos centros educativos para explicarlles os obxectivos do proxecto e para suxerirlles que os difundisen entre o alumnado

Carlos Armesto candidato do PP á Alcaldía do Saviñao



Armesto foi o primeiro presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

O PP confirmou que o seu candidato á Alcaldía do Saviñao será Juan Carlos Armesto. Actual secretario de Organización do partido na provincia de Lugo, leva 27 anos como concelleiro neste Concello e segundo do actual alcalde Joaquín González, que non se presentará á reelección. Juan Carlos Armesto entrou como concelleiro uns meses despois de afiliarse ao PP e tras as eleccións municipais nas que Joaquín González

obtivo a primeira das súas oito maiorías absolutas consecutivas.

Armesto foi oficialmente presentado como cabeza de lista nunha cea á que asistiron 230 persoas. Diante dos seus simpatizantes, o candidato eloxiou o traballo de Joaquín González á fronte do Concello e agradeceu a súa "implicación exemplar" na coordinación da súa substitución á fronte da lista electoral. Aos votantes, dixo, prométoles "un goberno serio e crible".

Quilo solidario en Quiroga

O Concello de Quiroga organizou unha nova campaña de recollida de alimentos para familias necesitadas do municipio que, do mesmo xeito que as que se desenvolveron en anos anteriores, recibe o nome de Quilo Solidario. Os organizadores pediron aos veciños que quixeron participar que achegasen polo menos un quilo de produtos alimenticios de calquera

tipo, coa condición de que non foran perecedoiros. As entregas fixéronse durante todo o mes de decembro na cafetería do centro social do Concello. A selección das familias que se beneficiaron desta campaña realizouse tendo en conta criterios de necesidade económica que foron establecidos previamente polo departamento municipal de Servizos Sociais.



Alimentos no centro social do Concello.

O Sergas pecha o centro de saúde de Castro de Carballedo

O Servizo Galego de Saúde (Sergas) pechará o centro de saúde de Castro de Carballedo. Segundo destacou a presidenta da asociación de vecinos Bubaíño, Asunción Gómez Neira, o organismo que xestiona a sanidade pública en Galicia fixo este movemento con “aleivosía, premeditación e sen avisarnos”. O ambulatorio da Barrela, a capitalidade do concello, centrará toda a actividade asistencial con dous médicos e tres enfermeiras. Esta situación provocou unha tremenda preocupación en Castro. Os veciños cren que o peche do consultorio levará outros servizos, como a farmacia.

Asunción Gómez lembrou



O edificio é propiedade da asociación vecinal de Castro.

que a titularidade do edificio onde se situaba o centro de saúde é da asociación de veciños de Castro e acusou ao Sergas de actuar de forma que o colectivo non tivese tempo de reaccionar. “En outubro oíronse rumores de que o centro

de saúde pecharía, pero non se concretou unha data para facelo”, sinalou.

Moción

Ante a posibilidade de que o consultorio pechase, os residentes en Castro iniciaron un proceso para evitalo e todos

os partidos con representación no pleno da corporación (PP, PSOE e BNG) votaron a favor dunha moción para que o Sergas mantivese o servizo sanitario en Carballedo tal cal estaba. “A noticia chegounos de súpeto”, afirmou a presidenta da asociación vecinal. Gómez Neira precisou que o consultorio non só prestaba servizo aos habitantes de Castro, senón a moitos veciños de parroquias e lugares próximos con poboacións envellecidas e dificultades de desprazamento. “Aínda que sexan poucos quilómetros os que nos separan da Barrela, non hai unha liña de transporte público boa e moita xente necesítala”, precisou.

O Sergas sinalou que o centro de saúde da Barrela é un

edificio de nova construción e o suficientemente amplo como para atender a todo o municipio. A decisión veu motivada pola xubilación dun facultativo, que obrigou a proceder a “unha redistribución das cotas existentes”. Desde o Sergas sinalaron que o médico xubilado tiña adscritas 400 tarxetas sanitarias que agora se repartirán os dous facultativos que exercen na Barrela. “Os dous quedan con 850 tarxetas de media, o que mellora o cociente considerado idóneo, de 1.500”, indicaron. O Sergas anunciou que implantará en Carballedo un sistema de atención proactiva para pacientes crónicos. Os profesionais desprazaríanse ata os seus domicilios para aplicalo.

A Xunta renova o firme de dúas vías de Sober

O delegado territorial de Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que o Goberno autonómico aporta preto de 80.000 euros para mellorar dous treitos da travesía de Belán e da rúa do Colexio, nos que o pavimento se atopaba deteriorado. Polo núcleo urbano de Sober non discorren estradas autonómicas nin nacionais.

En ambos casos programouse a renovación do firme coa aplicación dunha capa de rodadura de aglomerado asfáltico en quente, ademais de pavimentar os laterais da calzada. Na rúa do Colexio proxectouse a colocación dun bordo de formigón na zona próxima á entrada do centro escolar e unhas balizas para delimitar unha senda peonil nun dos laterais da vía. A superficie de actuación é de 2.440 metros



Luís Fernández Guitián con José Balseiro.

cadrados na rúa do Colexio e de 1.410 metros cadrados na travesía de Belán. O proxecto incluíu o pintado de sinalización horizontal nas dúas calzadas. A rúa do Colexio une as estradas provinciais LU-P-5903 (Sober-Doade) e a LU-P-5904 (Sober-Vilachá) e trátase dunha das vías máis transitadas de Sober por atoparse nela

o centro médico, a residencia da terceira idade, o colexio público, a escola infantil e o pavillón deportivo. Pola súa banda, a travesía de Belán comunica as estradas provinciais LU-P-5908 (Sober-Lama dos Campos) e a LU-5901 (Sober-Ferreira) e permite desviar o tráfico do centro do núcleo urbano.

Pantón terá residencia para anciáns



Campos Conde coa corporación municipal de Pantón.

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, mantivo un encontro coa Corporación Municipal de Pantón para adiantarlles que na súa proposta de Orzamento da Deputación para 2019 decidiu incluír unha partida de 500.000 euros co fin de poder dotar a este municipio dunha residencia.

Campos Conde explicou que “Pantón é un dos concellos da nosa provincia e incluso de Galicia coa maior taxa de maiores, pois máis do 55% dos seus veciños

superan os 65 anos. Creo que é necesario a dotación deste servizo público para que os nosos maiores poidan vivir con dignidade na súa localidade. Tamén creo que esta prestación pode supor unha oportunidade para o municipio e o Sur da nosa provincia, unha das zonas máis afectadas polo despoboamento demográfico, onde debemos fomentar a posta en marcha de todas aquelas iniciativas públicas que estean a nosa alcance e supoñan a dinamización social e económica deste territorio”.

Están en marcha proxectos para o desenvolvemento de Taboada

A Consellería do Medio Rural destina 200.000 euros a impulsar sete proxectos no municipio de Taboada a través do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Miño-Ulla. José Manuel Balseiro, delegado da Xunta, desprazouse ata a Escola de equitación La Cruz, que recibiu financiamento para a ampliación das instalacións, coa construción dunha nova nave, a reforma dos accesos incluída a eliminación de barreiras arquitectónicas, e o acondicionamento de dúas parcelas para zona de adestramento e zona de salto de campo. Deste xeito, esta instalación pode ampliar a oferta de servizos e acoller competicións da modalidade

de concurso completo.

O delegado explicou que este é un dos cinco proxectos produtivos impulsados polo GDR no municipio na última convocatoria, que suman un volume de axudas de 128.500 euros para un investimento inducido de 289.500 euros. Así, ademais da escola de equitación o GDR subvencionou a dúas explotacións agrarias para a introdución de medidas de eficiencia enerxética, nunha delas mediante a instalación de paneis solares e na outra de recuperadores de calor. Igualmente, impulsou a modernización dun obradoiro de galletas artesanais situado na parroquia do Carballo, que introduciu nova maquinaria, acondicionou a zona de acceso

e mellorou a eficiencia enerxética revestindo con illante os paramentos do local e incorporando un sistema de calefacción por pellets.

Local social

O último dos investimentos produtivos favoreceu a ampliación dun comercio de materiais de construción, que adquiriu unha máquina de transformación e procesado de ferro para a elaboración de ferralla, o que lle permitirá prestar un servizo adicional aos construtores e particulares da contorna. Os GDR tamén financian proxectos non produtivos que redundan na mellora dos servizos e da calidade de vida dos veciños e veciñas do rural. En concreto, neste municipio concederon unha axuda de



Balseiro na Escola de equitación La Cruz.

máis de 33.100 euros á Asociación de Veciños de Arxiz para o acondicionamento dun local social.

O Concello de Taboada recibiu unha achega de 38.400 euros para adquirir un vehículo

adaptado para persoas con mobilidade reducida, que os servizos sociais municipais porán a disposición de todos os veciños que o precisen e, en concreto, dos usuarios da residencia e o centro de día.

A estrada de San Clodio ao Alto da Moá verá reformado o firme

O voceiro do goberno provincial, Álvaro Santos Ramos, e o alcalde de Ribas de Sil, Miguel Ángel Sotuela Vega, deron conta dos traballos de mellora que se efectuarán na estrada LU-P-5301, de San Clodio ao Alto da Moá, cunha achega de 107.000 euros da Deputación. Estes fondos permitirán rehabilitar 3,1 quilómetros do firme con aglomerado en quente, do punto quilométrico 3,1 ao 6,2. Santos Ramos subliñou que “con estas actuacións melloramos unha vía de comunicación que conta cun elevado tráfico, pois conecta o Concello de Ribas de Sil co veciño ourensán de San Juan de Río. Ademais, esta obra supón a mellora dos accesos aos miradoiros do futuro xeoarque Montañas do Courel, un dos enclaves máis destacados para a vista global do territorio do xeoarque”.



A estrada comunica San Clodio coa Comarca de Caldelas.

Sotuela Vega salientou “o esforzo do goberno provincial para que todos os veciños da provincia dispoñan dunhas infraestruturas en condicións, independentemente de onde vivan, dentro da aposta por unha Deputación social, rural e coas persoas. Para o noso Concello estas obras son de gran importancia pois trátase dunha vía moi transitada”. Os traballos non só beneficiarán aos máis de novecentos veciños de Ribas

de Sil, senón tamén ao resto de habitantes da comarca de Quiroga, pois, a través deste investimento, mellorarase a estrada que serve de conexión coa veciña Comarca de Caldelas, na provincia de Ourense. Os traballos consisten na limpeza de cunetas, rehabilitación do firme con aglomerado en quente, e incremento da seguridade vial coa instalación e renovación da sinalización horizontal e vertical.

Portomarín renovará tres rúas



A rúa Castaño na actualidade.

A Deputación renovará as rúas Barreiro, Castaño e Castro en Portomarín. Estas obras, que contan cun investimento de 95.000 euros, consisten na mellora do firme destes viais municipais con aglomerado en quente, excepto na rúa Castaño, na que se utilizará formigón armado. Con cargo a este investimento tamén se realizarán novas dotacións de saneamento de pluviais e alu-

meado público nestas rúas.

O presidente provincial, Campos Conde, destacou que “dende o Goberno da Deputación defendemos a mobilidade como un dereito máis dos veciños, a igualdade de oportunidades vivas onde vivas. Baixo esta premisa, colaboramos con todos e cada un dos municipios da provincia para mellorar dotacións públicas básicas coas que mellorar a calidade de vida



*Os nosos
anunciantes
felicitan o
Aninovo aos seus
clientes*



ASADOR CASA GALLEGA MESÓN PULPERÍA

Comida para levar

Non abrimos os luns

677 49 35 33

Ervedelo, 103
O Couto
Ourense




CAFÉ BAR EL ENCUENTRO

Desayunos
Pinchos

Jueves:
caña y pincho
1 euro.

Ervedelo, 59.
Ourense.



MADISOR, S.L.

Rúa 8, Parcela 10 - Polígono San Cibrao das Viñas
32901. (Ourense).

Tfños: 988 247 614 - 601 info@madisor.es



TABERNA DO PERICO

Petiscos e tapas
Carnes á grella
Especialidade: bacallau

988 23 11 13
628 031 105

Rúa da Unión, 2.
Casco Vello Ourense.



LA CONSENTIDA

TEL: 988 006 173
VALLE INCLÁN, 21 BAJO
32004 OURENSE

**CERVECERÍA
CAFETERÍA
PIZZERÍA
RESTAURANTE**



LOTERÍA RIBEIRA SACRA

982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



MONTECARLO Bar Tapería

Dende 1967

Rúa Lepanto, 11
Casco Vello
Ourense




Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfños. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Origen



Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

Galicia

Redacción OURENSE

O PSdeG escolle a unha muller como portavoz na Deputación

O grupo provincial do PSdeG-PSOE na Deputación de Ourense ven de escoller a Elvira Lama, como a primeira muller portavoz dunha formación política nesta institución. Desta forma formalízase a nova portavocía dos socialistas e dáse cumprimento ós acordos adoptados, dentro das súas plenas competencias, pola comisión executiva provincial do PSdeG-PSOE de Ourense. Elvira Lama Fernández (Xinzo de Limia, 1963) é licenciada en Xeografía e Historia, e ata o de agora era viceportavoz primeira do grupo provincial na Deputación de Ourense. Na actualidade é concelleira e voceira dos socialistas de Xinzo de Limia. Tamén exerce como autónoma. Anteriormente traballou como mestra nun colexio e na súa propia tenda de roupa.



Elvira Lama.

Os socialistas denuncian que Baltar pretende reformar a rúa do Caudillo en Beade

O PSdeG-PSOE denuncia que Manuel Baltar pretende reformar a rúa principal do municipio ourensán de Beade que honra ó ditador, Francisco Franco, mediante un contrato outorgado a dedo e incumprindo a Lei de Memoria Histórica. O investimento de 48.000 euros –o importe máximo permitido para poder adxudicar un contrato menor– está incluído dentro do plan provincial de cooperación ás obras e servizos para o ano 2019, aprobado ás presas durante o último pleno, permitirá a mellora do saneamento da rúa do ‘Caudillo’ cuns fondos aportados íntegramente pola

institución presidida polo PP.

Os socialistas recordan que o goberno local de Beade incumpre reiteradamente e adrede, desde hai unha década, a Lei de Memoria Histórica aprobada pola maioría absoluta das Cortes. O artigo 15 recolle expresamente que “as Administracións públicas tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura”, e sinala expresamente que “entre estas medidas poderán incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas”.

Palmés esixe rede de sumidoiros

En marzo deste 2018 a veciñanza de Palmés entregou por rexistro do Concello de Ourense máis dun centenar de sinaturas. “Pedíamos que se conectasen de vez todas as casas que aínda faltamos por conectar á rede de sumidoiros, aproveitando o inicio das obras de saneamento para o tramo “o Burgo a Burata”. Para tal fin solicitábamos que se actualizasen os planos xa feitos no 2008 e



con cargo ao superavit do Concello (17 millóns), ou no seu caso ao remanete de tesourería, se acometesen estas obras”, aseguran os vecinos.

“A pesar de deseñar un novo proxecto de rede de sumidoiros por obriga xudicial e dispor dos fondos precisos para acometer dita obra, o Concello resistiuse a gastar un céntimo. O contrato da amosa que quen

realmente financiou a obra foi A Unión Europea, a Xunta e o Estado, pero non o Concello. E aínda que o importante é que se faga a obra, tivose moito coidado tratando de que a veciñanza non nos enterasemos disto, ate o punto que non se puxo o cartel de obra coa publicidade da cofinanciación europea, ao que obriga o contrato no punto 4. E sobre todo porque o carácter finalista do contrato impediu facerlle

pequenas variantes ao proxecto que darían servizo a varios veciños que estaban no traxecto da obra, tal como se establece no punto 9.1 do contrato, no que establece que non se admiten variantes. E que sí poderían acometerse se a obra fose financiada co superávit, ou remanente de tesourería, do que dispón o concello. Seguimos agardando resposta do Concello”, sosteñen os vecinos.



C/ Ervedelo, 15 - ourense
988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...

www.clubtosca.es

Sala de Fiestas Music-Hall



cerramos los domingos

Aumentan as horas de atención no fogar en O Carballiño

A conselleira de Política Social, Fabiola García, reiterou nunha entrevista co alcalde do Carballiño, Francisco José Fumega, o compromiso da Xunta de atender á preferencia que teñen as persoas maiores de envellecer na súa contorna. Ao respecto, indicou que o Goberno galego incrementou este ano un 18% o número de horas de atención no fogar postas á disposición deste concello ourensán, ata acadar as 42.400 anuais para así achegar os coidados a un maior número de vivendas con persoas en situación de dependencia.

Fabiola García explicou que a Xunta segue no Carballiño a mesma liña de traballo que no resto de municipios da comu-



Fabiola García e José Fumega.

nidade e hoxe o número de persoas beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) son xa máis de 23.000, unha cifra que multiplica por oito as que había hai nove anos. O conxunto de prestacións do sistema ga-

lego de dependencia suman a día de hoxe as 59.403 persoas atendidas, polo que se adiantará a este ano o obxectivo inicialmente marcado para toda a lexislatura de chegar aos 60.000 dependentes con servizo.

En Marea quiere rehabilitar a Casa do Pobo do Carballiño



Davide Rodríguez.

En Marea insta á Xunta de Galicia a impulsar o antes posible o traspaso da titularidade do Centro Comarcal e da antiga Casa do Pobo do Carballiño a ese Concello. A formación lembra o beneficioso que resultaría para o municipio poder dispoñer deses espazos, que xa foron obxecto dunha moción plenaria en 2016. O deputado Davide Rodríguez defendeu unha proposta para a que conse-

guiu o apoio unánime dos grupos; e grazas á cal o Parlamento insta ao goberno galego a retomar as negociacións co consistorio no que se refire ao Centro Comarcal, hoxe deteriorado e en situación de abandono para convertelo nun centro de dinamización local. E a dilucidar a confusión existente en relación á propiedade da Casa do Pobo co obxectivo de que esta poida ser rehabilitada.

Acusan ao Concello de Ourense do cobro irregular da ORA

Adiante Ourense presentou por rexistro do Concello de Ourense un escrito dirixido ao alcalde, polo que esixe a Jesús Vázquez que o Concello suspenda "con carácter inmediato" o cobro da ORA na rúa Concordia. Piden que se ordene á Policía Local o precintado dos parquímetros desta e outras rúas onde o Concello cobra ORA indebidamente. O partido de Benito Igrexas chegan a advertir ao rexedor municipal con formular a correspondente denuncia penal.

No caso da rúa Concordia e se o que Adiante expón fóra certo, o Concello de Ourense leva cobrando anos a ORA sen estar a rúa incluída na correspondente ordenanza municipal. Isto supoñería que o Concello leva recadando miles de euros durante anos á conta de aplicar indebidamente a ORA nesta céntrica rúa da cidade.

Segundo Adiante Ourense, tamén

o fixo noutras rúas da cidade que son titularidade da Xunta de Galicia ou do Estado. En calquera caso, non son titularidade do Concello de Ourense. En cambio as arcas municipais si ingresaron á conta de aplicarlles a ORA no seu proveito.

Son o casos da Avenida de Buenos Aires, Sáenz Díez, Progreso e Ribeira Sacra, entre outras, indica Adiante. Aínda que é certo que moitas delas están agora en proceso de ser traspasadas ao Concello de Ourense, non o é menos que en todo o tempo que leva a ORA implantada nesta cidade o Concello ingresou por estacionar nunha vía da que non é titular. En tales casos, Benito Igrexas sostén que "os cidadáns só están obrigados a pagar a taxa pública cando se trata do uso de dominio público local", o que non é o caso cando son titularidade da Xunta de Galicia ou do Ministerio de Fomento.

Trives conta cun vehículo para tarefas medioambientais

A directora xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias, e a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, visitaron o Concello de Pobra de Trives, acompañadas polo alcalde da localidade, Domingo Diéguez.

Fernández-Tapias, indicou que grazas á compra deste vehículo por parte do Concello, reforzase e mellorase a xestión das situacións de sinistro e risco e as tarefas medioambientais que leva a cabo no Concello, xa que está dentro da Rede Natura e conta con zona de especial conservación (ZEC) con zona de especial protección para aves (ZEPA).



A Policía Local recibiu o novo vehículo.

A Xunta continúa así a desenvolver medidas para potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados, e nesta senso cabe destacar que Pobra de Trives contou con subvencións de varias liñas de axudas da Vicepresidencia por máis de 191.000 euros.

Galicia

Redacción

Castro Caldelas terá parque infantil céntrico

O Concello de Castro Caldelas anuncia a construción dun novo parque infantil preto do casco histórico, xa que a intención é que sexa céntrico, polo que estará a uns centímetros da Praza do Prado. Actualmente este concello conta na capitalidade con dous parques infantís; un na área recreativa de Ponte das Táboas que cumpre a normativa e outro moi pequeno, no parque da Estrela. No centro da vila, na entrada ao adro da igrexa parroquial, hai un xardín con algúns aparellos para nenos. A alcaldesa, Inés Vega Núñez, explica, que esa zona necesítase na Festa dos Fachóns (xaneiro), e na Festa dos Remedios (setembro) ofrecense os concertas das bandas de música e "non podemos establecer aí ningún



O Concello retirará os xogos de nenos no xardín anterior ao adro da igrexa.

parque infantil porque non cumpren as medidas de seguridade", polo que retiraránse os poucos xogos que hai alí.

Coa ubicación do novo parque a capitalidade municipal contará con tres espazos infantís en condicións. Este novo parque infantil será o primeiro ubicado no centro,

cunha superficie ampla, e cun investimento que é importante, segundo a alcaldesa. "No verán aumenta o número de nenos en Castro Caldelas, que chegan mesmo doutros concellos limítrofes para participar nas actividades da escola de verán", sostén Sara Inés Vega.

Vilar de Santos recibirá axudas do Goberno galego para vivenda



A conselleira e o alcalde de Vilar de Santos.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde de Vilar de Santos, Xoán Xosé Jardón Pedras, mantiveron unha reunión na que abordaron as distintas liñas de actuación do Goberno galego para facilitar o acceso á vivenda e a rehabilitación, como o programa Rexurbe ou o programa para a rehabilitación de vivendas de mestres. Vázquez Mejuto indicoulle que o programa de vivenda de mestres é unha iniciativa que se iniciou en 2017, tras constatar que os pequenos concellos dispoñían en ocasións de inmobles da súa propiedade

en desuso e que se podían acondicionar como vivendas con investimentos relativamente pequenos. Ao longo de 2019 o IGVS disporá de 1,6 millóns de euros para a posta en marcha de actuacións ao abeiro deste programa.

Outro dos puntos abordados na reunión foi a situación do planeamento urbanístico do Concello de Vilar de Santos. A conselleira trasladoulle a máxima colaboración dos técnicos da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para conseguir que o plan xeral deste concello sexa unha realidade o antes posible.

Xuntos polo Nadal no Carballiño e Panxón

A conselleira de Política Social, Fabiola García, afirmou que "todas e todos merecemos disfrutar do Nadal en compañía". Fíxoo durante unha visita as persoas maiores que desde o pasado domingo 23 e ata o vindeiro 7 de xaneiro atópanse aloxadas na Residencia de Tempo Libre do Carballiño ao abeiro do programa Xuntos polo Nadal. Fabiola García explicou que o obxectivo desta iniciativa, que tamén se está a desenvolver na Residencia de Tempo Libre de Panxón, no municipio pontevedrés de Nigrán, "é garantir que as galegas e galegos de máis idade celebren esta época do ano en compañía". Ademais, apuntou que esta edición de Xuntos polo Nadal conta con máis participantes ao incre-



Nas residencias do Carballiño e Panxón conviven 260 galegas e galegos de máis de 60 anos.

mentarse en 20 o número de prazas ofertadas, ata chegar a un total de 260 entre as dúas residencias (130 maiores en cada unha delas).

Fabiola García destacou que Xuntos polo Nadal significa convivencia, envellecemento activo e familia. Así, este programa supón para os maio-

res unha experiencia que lles axuda a tecer amizades e ocupar o tempo de ocio con distintas actividades de animación sociocultural, como obradoiros de manualidades, baile, ximnasia, excursións ou comidas especiais nas xornadas de Noiteboa, Nadal, Noitevella, Aninovo e Reis.

Costoya no Museo Municipal



O pintor ourensán Carlos Costoya Vázquez expón no Museo Municipal de Ourense, na rúa Lepanto, os traballos realizados os dous últimos anos. A mostra denominada "Terra aden-

tro", está adicada á Ribeira Sacra e permanecerá aberta ata o día 11 de febreiro. O autor posa ante a pintura do Irriño Peliqueiro, persoaxe, de orixe totemica, central nas Festas dos Remedios de Castro Caldelas.

Remodelación no castelo de Castro Caldelas

No castelo de Castro Caldelas concluíron as obras de remodelación de algunhas dependencias. Cambiáronse a zona de sanitarios e aseos; as escaleiras e varanda de acceso á torre da Homenaxe e á biblioteca; colocáronse luces “led” indirectas provistas de sensores, e deixáronse á vista zonas de pedra que estaban cubertas con material agresivo.

A alcaldesa, Sara Inés Vega

Núñez, recorda que a Dirección xeral de Patrimonio fixera no seu día unha actuación no castelo “usando material agresivo para tapar a pedra e nós descubrímla e queda moi fermoso e para elo contou cun investimento de 48.000 euros de fondos do Grupo de Desenvolvemento Rural”.

Por outra banda estase a traballar no futuro Museo do Irrio Peliqueiro, persoaxe totémico que ten foros pro-

prios desde 1950 e que desde 1830 aparece identificado nos libros do Santuario dos Remedios.



Museo Etnográfico no castelo.

Lucía Pérez actuou en Castro Caldelas



Lucía Pérez, Velusa Carballo e Sara Inés.

Castro Caldelas celebrou o Nadal organizando a campaña de recollida de alimentos, con inauguración do belén de Maite Vázquez, actuación do Orfeón Caldelas, degustación de bica e actuación da cantante do Incio Lucía Pérez e Vizcaíno no castelo.

O mago Carlos actuou no

residencia de maiores onde se serviu chocolatada. No centro Cemit houbo conexión en directo con Laponia para falar con papa Noel. Os nenos visitaron Pazolandia, en Ourense, e a estación de esquí de Cabeza Grande de Manzaneda. Coa chegada da cabalgata de Reis entregáronse agasallos aos os máis pequenos.

FESTA DOS FACHÓS 2019

19 xaneiro ás 19,30 horas

CHOURIZOS, PAN, VIÑO E QUEIMADA

**CONCELLO
DE CASTRO CALDELAS**

Novas da Raia

Redacción

Entrega de diplomas às associações participantes no Roteiro de Prosépios ao Ar Livre

O Roteiro de Prosépios ao Ar Livre, iniciativa englobada no programa natalício “Monção, Vila Mágica” promovida pelo Município de Monção, traduziu-se, pelo segundo ano consecutivo, numa aposta bem-sucedida do executivo local e associativismo monçanense.

O 7 de janeiro, ao final da tarde, no Arquivo Municipal de Monção, teve lugar a entrega de diplomas às 39 associações participantes nesta iniciativa, realizada entre 7 de dezembro e 7 de janeiro, nos espaços públicos do centro histórico e urbanizações envolventes.

Na mesa, António Barbosa e João Oliveira apresentavam um semblante de satisfação. Por mais um “brilharete” da autarquia monçanense e pela presença significativa de ele-



mentos das associações participantes. O espaço acabou por revelar-se pequeno, proporcionando um ambiente acolhedor e familiar.

Congratulando-se com a adesão à iniciativa, João Oliveira sublinhou o forte envolvimento das coletividades e do público

monçanense, tendo realçado o contributo turístico e mediático que trouxe à nossa terra.

Sem adiantar muito, até porque o segredo é a alma do negócio, prometeu novidades na edição deste ano. Transmitiu “um profundo agradecimento a todos” e deixou mais um

desafio: “O carnaval está à porta. Peço-vos a melhor disponibilidade para fazermos um grande desfile”.

António Barbosa enalteceu o trabalho extraordinário das associações, a quem reconheceu e agradeceu o tempo despendido na execução de ver-

dadeiras obras de arte, e releveu o papel desempenhado pela sociedade monçanense no desenvolvimento do concelho.

Sentindo que o melhor está para vir, António Barbosa referiu a importância deste ano para a afirmação de Monção como um território de excelência, focado na diferença e na capacidade de atrair turistas e empresários. “Estamos empenhadíssimos em reforçar a centralidade de Monção na região. É o nosso destino. Vamos cumpri-lo” acentuou.

O Roteiro de Prosépios ao Ar Livre contou com a participação de 39 instituições/associações/clubes do nosso concelho, mais dez que na primeira edição, enchendo o centro histórico e urbanizações envolventes de presépios imaginativos e criativos, executados com recurso a materiais recicláveis.

OPT 2019: Populações de Cerveira e Tomiño elegem atividades comuns para crianças

A realização de dois programas infantis comuns, que promovam uma maior aproximação entre as crianças dos dois concelhos vizinhos, venceu a edição 2019 do Orçamento Participativo Transfronteiriço Cerveira-Tomiño. Os projetos “Atividades Artísticas e Ambientais para a População Infantil” e “Atividades Lúdico-Educativas para umas Férias Ativas e Criativas” arrecadaram a maioria dos 800 votos contabilizados. 3ª edição do OPT ficou marcada por uma maior mobilização de entidades parceiras.

Após cerca de 20 reuniões exploratórias de eventuais alianças ou desenvolvimento de projetos, a dinâmica entre as associações galego-portu-

guesas tornou-se intensa, através da troca de conhecimento e da partilha dos mesmos interesses e objetivos, culminando com a apresentação de seis propostas por 18 entidades dos dois lados da fronteira.

Concluído o período de votação, já são conhecidos os dois projetos vencedores com execução em 2019 e que tem como denominador comum o intercâmbio de crianças em ações lúdico-pedagógicas e os mesmos promotores - Associação de Pais do Centro Escolar da Vila, Associação de Pais do Centro Escolar do Norte, Mesa de Anpas dos Centros Educativos de Tomiño.

Um dos projetos vencedores foram as “Atividades artísticas e ambientais para a população

infantil de Vila Nova de Cerveira e Tomiño” dirigidas a um limite máximo de 300 crianças entre os 3 e os 12 anos, mediante a dinamização de ações de acordo com a faixa etária. Com concretização entre abril e junho, esta iniciativa visa sensibilizar a população infantil para a ecologia através da vivência e do contacto com o meio natural e rural do território em causa.

A segunda proposta, eleita por ambas as populações vizinhas, intitula-se “Atividades lúdico-educativas para umas férias ativas e criativas” a executar entre julho e agosto do próximo ano, procurando envolver cerca de 100 crianças. Um dos objetivos deste projeto consiste na oferta de alterna-



tivas de conciliação profissional para famílias e de atenção a crianças ao terminar o período escolar, através de iniciativas de lazer ao ar livre nas férias do verão.

Apesar de não terem sido eleitas, as restantes quatro propostas – “Pensar o Corpo. Mover a Mente”; “Sustentabilidade”; “Pontes de Arte”; “AMIZ'ARTE Sem Fronteiras” – são reveladoras da vontade das diversas entidades participantes e das sinergias que podem vir a ser constituídas no futuro em prol da poten-

ciação deste território comum.

Dotado com 20 mil euros, o Orçamento Participativo Transfronteiriço é uma iniciativa inédita que integra a Agenda Estratégica de Amizade Cerveira-Tomiño, com a qual se pretende potenciar a participação pública e o poder de decisão da cidadania de ambas margens do rio Minho. O OPT é um projeto cofinanciado em 75% pelo programa INTERREG VA POCTEP de cooperação transfronteiriça, através de fundos FEDER da União Europeia.

Melgaço acolhe a 5ª prova de Taça de Portugal de Ciclocrosse

A 20 de janeiro, Melgaço acolhe a 5ª prova da Taça de Portugal de Ciclocrosse. As inscrições já estão a decorrer e podem participar atletas de todas as idades e ambos os sexos, mas que possuam licença desportiva de competição. Há ainda a possibilidade de os amantes da modalidade, e interessados na prova, poderem participar na categoria Promoção.

A Taça de Portugal CRO é um troféu oficial da UVP/ Federação Portuguesa de Ciclismo e é composta por categorias, nomeadamente Juvenis, Cadetes, Júniores, Sub-23, Elites e Masters. Os juvenis dão o tiro de partida da prova, pelas 9h30. Às 10h00 competem os masters masculinos e a categoria Promoção, seguindo-se às 11h00 os cadetes masculinos e todas as categorias femininas. Os Elites, Sub 23 Masculinos e Júniores Masculinos findam a prova, pelas 12h00.

A prova irá decorrer num circuito criado para o efeito da área circundante do Centro



A prova irá decorrer num circuito criado para o efeito da área circundante do Centro de Estágios de Melgaço,

de Estágios de Melgaço, organizada pela Melsport – Melgaço, Desporto e Lazer E.M. em parceria com a Associação de Ciclismo do Minho e a Federação Portuguesa de Ciclismo, contando com o apoio do Município de Melgaço. As inscrições são possíveis até 16 de janeiro.

O ciclocrosse é uma vertente mista, entre o asfalto e o BTT,

praticada com bicicletas semelhantes às de estrada, mas em pisos de terra e com pneus apropriados. É uma modalidade de inverno, onde a lama e a chuva são habituais nos percursos. O evento promete divertimento, emoções fortes e respeito pela mãe natureza, não fosse Melgaço o Destino de Natureza Mais Radical de

Portugal. Nesta temporada, a Taça de Portugal tem cinco provas pontuáveis. 2018/2019 teve início a 11 de novembro, em Vila Real, seguiu-se Bragança (25 de novembro) e Valongo (16 de dezembro). Este domingo desenrola-se em Palmela (6 de janeiro). O Nacional realiza-se em Marrazes, Leiria, no dia 13 de janeiro.

O auditório do CILV acolhe 15 espetáculos em 2019

O Centro de Inovação e Logística de Valença (CILV) vai receber 15 espetáculos, ao longo de 2019, que vão marcar o ano cultural valenciano. O auditório do CILV/ESCE Valença pretende ser um referente cultural na região.

19 de janeiro, arranca a programação com um espetáculo do grupo valenciano 6tàs9 e do grupo Os Teimosos, e o 26 o jazz regressa com o IIº Ciclo de Jazz de Valença. 1 e 2 de fevereiro é a vez do espetáculo de teatro “Fogo Lento”, e a 17 de fevereiro recebe o concerto comemorativo 33º Aniversário Coral Polifónico S. Teotónio.

Estes são os primeiros espetáculos a marcar o ritmo de um ciclo de programação cultural que pretende marcar o ano de 2019.

Ministro da educação visitou obras de qualificação do Pavilhão Gimnodesportivo do CCD Ancorense

Decorreu uma visita às obras de qualificação do Pavilhão Gimnodesportivo do CCD Ancorense, que contou com a presença do ministro da Educação, Tiago Brandão Rodrigues.

Miguel Alves, presidente da Câmara de Caminha, reconheceu tratar-se de um investimento importante para o concelho: “com este investimento continuamos a dinâmica de modernização do parque desportivo concelhio que

iniciámos nas imediações do campo do Âncora-Praia e no Estádio Ilídio Couto em Lanhelas. Conseguimos fazer ver ao Governo, através do IPDJ, que o Ancorense deveria ser distinguido com financiamento, tendo em conta o excelente trabalho que tem vindo a desenvolver e, agora, este clube tem condições para evoluir e fazer ainda melhor o seu trabalho”. Depois da visita a comitiva assistiu ao derby do Vale do Âncora ‘Ancorense

vs Âncora Praia’.

Para o presidente do CCD Ancorense, todo o trabalho, designadamente os trabalhos e a presença de visitantes e público, constitui uma “lufada de ar fresco para o clube. Já tínhamos dito que o caminho se faz caminhando e este foi um passo de gigante”.

Paulino Gomes destaca a capacidade do clube em avançar com a candidatura e a “alavanca” do Município, traduzida em todo o apoio, fa-



tores que se conjugaram e tornaram possível chegar até aqui.

O Ancorense tem agora o primeiro “indoor soccer” do distrito de Viana do Castelo. Isso vai permitir melhorar a

formação, nomeadamente dos “petizes” e “traquinas”, mas também desenvolver o clube, que pretende rentabilizar o espaço, através do aluguer a privados, por forma a conseguir um bom encaixe financeiro.

O Fondo Galego de Cooperación arrinca o novo ano con cen concellos e deputacións como socios

Seis administracións locais sumáronse a esta rede solidaria durante o 2018 e 70 municipios acolleron actividades de sensibilización fronte as desigualdades

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade inicia 2019 cun cento de administracións locais e provinciais socias, logo de sumar no último ano as altas de Muros, Cariño, Guitiriz, Viana do Bolo, As Neves e Bueu. Achegando unha cota anual proporcional á súa poboación, os concellos e deputacións que fan parte desta rede contribúen ao impulso de proxectos de desenvolvemento en países do Sur e á concienciación da súa veciñanza fronte as desigualdades.

En 2018, uns setenta municipios acolleron algunha das actividades de sensibilización a prol dos Dereitos Humanos ofertadas polo Fondo Galego, que van desde teatro e obradoiros ata exposicións e concertos. Outras realidades, a loita contra a pobreza e a exclusión, a equidade de xénero ou as persoas migrantes e refuxiadas son algunhas das temáticas que se abordaron a través destas accións, que chegaron a milleiros de persoas.

En canto aos proxectos de cooperación internacional, Fondo Galego deulle

continuidade ás dúas iniciativas impulsadas en Mozambique, unha para previr doenzas e adicións na mocidade a través do deporte e outra para garantir o abastecemento de auga nun municipio rural. Ademais, está a apoiar a ONGD galegas en Guatemala, Honduras e Guinea-Bissau, alén de participar nunha proposta europea para consolidar o proceso de paz en Colombia.

O Fondo Galego de Cooperación continuará promovendo estas e outras accións ao longo do novo ano, no que tocará renovar a Comisión Executiva tras as eleccións municipais. No entanto, a planificación estratéxica seguirá encamiñada cara a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados pola ONU. Neste senso, 2019 empezará xa con forza, pois en xaneiro o presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González, participará no II Congreso Internacional Think Europe 2030, en calidade de presidente da Confederación de Fondos a nivel estatal.

Ademais, entre os días 21 e 24 celebraranse nas catro capitais de pro-



En Mozambique

vincia as xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria, integrada por persoal técnico de cada unha das administracións locais socias. As xuntanzas contarán coa participación de responsables do proxecto con InteRed para promover unha educación integral en sexualidade en centros educativos guatemaltecos.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 97 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos

no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega, desde a súa fundación en 1997 o Fondo Galego ten desenvolvido máis de 150 proxectos en preto de 30 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.



Actuación de Batuko Tabanka



Actuación de Tropa de Trapo